A Conselleira de Sanidade, Sra Farjas, na súa visita o Complexo Hospitalario ourensá, con motivo do nomeamento da nova Xerente, anunciaba que un dos primeiros encargos da Sra. Eloina Núñez era o de analizar, estudar e cotexar o plan director do complexo para decidir se ía ser necesario facer adaptacións.

Plan director que o anterior Goberno estaba a desenrolar, e que ademais tiña o compromiso claro coa cidadanía ourensá de completalo en varias fases sucesivas.

Dada a continua reiteración dos novos responsables da Consellería de Sanidade de que na súa xestión vai primar a austeridade, por elo, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Vai seguir o novo Goberno desenvolvendo o plan director do Chou?

2.^a) Pensan modificalo, e de ser así ,como?

3.^a) Que adaptacións consideran necesario facer e que prazos barallan para completar o seu desenvolvemento?

4.^a)) Que fases vai contemplar a actual consellería a partir de agora, que orzamentos vai destinar e que prazos dedicaran a cada fase?

Pazo do Parlamento, 16 de xuño de 2009

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Modesto Pose Mesura

Laura Seara Sobrado

José Tomé Roca

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña Docampo na data 16/06/2009 18:25:59

Modesto Pose Mesura na data 16/06/2009 18:26:03

Laura Seara Sobrado na data 16/06/2009 18:26:06

José Tomé Roca na data 16/06/2009 18:26:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Modesto Pose Mesura, Laura Seara Sobrado e José Tomé Roca, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral urxente en Comisión**.

A urxencia vén motivada polo interese da iniciativa e a proximidade a finalización deste período de sesións.

A Conselleira de Sanidade, Sra Farjas, na súa visita o Complexo Hospitalario ourensá, con motivo do nomeamento da nova Xerente, anunciaba que un dos primeiros encargos da Sra. Eloina Núñez era o de analizar, estudar e cotexar o plan director do complexo para decidir se ía ser necesario facer adaptacións.

Plan director que o anterior Goberno estaba a desenrolar, e que ademais tiña o compromiso claro coa cidadanía ourensá de completalo en varias fases sucesivas.

Dada a continua reiteración dos novos responsables da Consellería de Sanidade de que na súa xestión vai primar a austeridade, por elo, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Vai seguir o novo Goberno desenvolvendo o plan director do Chou?

2.^a) Pensan modificalo, e de ser así ,como?

3.^a) Que adaptacións consideran necesario facer e que prazos barallan para completar o seu desenvolvemento?

4.^a)) Que fases vai contemplar a actual consellería a partir de agora, que orzamentos vai destinar e que prazos dedicaran a cada fase?

Pazo do Parlamento, 16 de xuño de 2009

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Modesto Pose Mesura

Laura Seara Sobrado

José Tomé Roca

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña Docampo na data 16/06/2009 18:25:59

Modesto Pose Mesura na data 16/06/2009 18:26:03

Laura Seara Sobrado na data 16/06/2009 18:26:06

José Tomé Roca na data 16/06/2009 18:26:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marta Rodríguez Arias, María Soledad Piñeiro Martínez, José Fervenza Costas, Rosa Oubiña Solla, Angeles Díaz Pardo e Javier Escribano Rodríguez deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos Artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión polo trámite de Urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia desta pregunta fundaméntase na necesidade de coñecer as xestións que ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia en beneficio da sector boniteiro galego e en coincidencia co inicio da costeira.

Ao redor de 500 barcos -dos que aproximadamente 150 teñen porto base en Galicia- iniciaron como cada ano a campaña do bonito, pesqueiría que arranca nestas datas próximas á época estival e que ten grande importancia polo seu impacto en canto a man de obra embarcada e en terra, volume de negocio e peso económico, así como polo seu impacto industrial no tocante ao sector transformador e conserveiro, a parte do consumo en fresco.

Malia que, nos pasados anos a crise afectou dun xeito evidente ao sector pesqueiro galego, no que respecta máis polo miúdo á flota boniteira, esta viuse especialmente prexudicada pola problemática dos baixos prezos en primeira venda e a competencia de peixe foráneo -non perfectamente identificado-. Ante ambos desafíos o anterior Goberno de Galicia non soubo ou non quixo actuar con determinación, poñendo de relevo a falta de iniciativa e a desidia duns xestores que daban unha imaxe certa do seu proxecto esgotado.



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2009 17:56
Nº Rexistro: 03052
Data envío: 17/06/2009 17:56:09.391

Afortunadamente a previsión para a campaña que agora arranca achega datos que permiten identificar certo optimismo en comparación co acontecido en anos anteriores: o axeitado estado dos recursos, a tregua meteorolóxico e a calidade das primeiras capturas, permiten avalar unha costeira positiva.

En todo caso, cómpre reclamar a complicitade e colaboración da nova administración pesqueira, a Consellería do Mar, para cos centos de embarcacións galegas que poñen rumbo ás augas nas que se efectúa a captura desta especie migratoria. Todos eles precisan da Xunta para que contribúa na tarefa de xerar valor engadido ás futuras capturas e poida garantir o seu apoio loxístico.

Desde o punto de vista loxístico os buques de *Irmáns García Nodal* e *Sebastián de Ocampo* acompañarán aos mariñeiros nesta costeira, para desenvolver tarefas de asistencia á flota. As tripulacións dos barcos estarán reforzadas con mergulladores, mecánicos e técnicos que se encargarán de resolver calquera incidencia que poida producirse durante o tempo no que se prolongue a costeira. Así mesmo, os helicópteros Pesca 1 e Pesca 2 do Servicio de Gardacostas de Galicia, colaborarán durante toda a campaña en todas aquelas actuacións para as que sexan requiridos, dentro do seu radio de acción. Dotacións similares velarán pola seguridade e saúde dos participantes na costeira, evidenciando un grande compromiso da Xunta de Galicia con respecto a cada un dos traballadores do mar que participan nesta costeira.

Con ser todo isto importante, tamén é necesario ampliar o grado de asistencia e cooperación da administración galega a outros ámbitos como é o caso da promoción, identificación e consumo do bonito capturado pola flota galega. Cómpre contribuír a xerar valor engadido, e facilitar a tarefa de elección do consumidor do que quizais é o mellor bonito do mundo.



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Desafortunadamente e lonxe do que cabía esperar nunha administración responsable, a extinta Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos non traballou o suficiente, ou incluso esqueceu desenvolver as debidas tarefas de promoción deste túnido, a diferenza do que estaba a ser habitual nas lexislaturas previas á do Goberno bipartito.

Desenvolver unha intensa labor de promoción, empregado para elo todos os medios dispoñibles, desde en prensa escrita ata en radio ou televisión; a edición de folletos e carteis dirixidos aos restauradores, o emprego das novas tecnoloxías e da inmensa potencialidade da rede internet, así como outros moitos medios e ideas que contribúen a achegar ao consumidor final información sobre este recurso pesqueiro, debera ser onte e hoxe, no pasado e no futuro, unha acción prioritaria do Goberno de Galicia.

O bonito galego polo seu elevado valor nutritivo, rico en proteínas e vitaminas A,B,D e K, e que achega tamén minerais como calcio e iodo constitúe unha aposta estratéxica dentro das novas esixencias en materia de alimentación. Ademais, o feito de que se trate dun peixe de tempada, e a súa ampla presenza en fresco nos mercados –prolongada como mínimo ata o mes de setembro- ofrece garantías de que estamos a falar dun peixe de merecido recoñecemento, en definitiva, do mellor bonito do mundo.

En relación con este asunto, o Grupo Parlamentario Popular formula as seguintes preguntas:

- 1.-) ¿Que xestións ten previsto realizar o novo Goberno de Galicia para o apoio loxístico á flota galega que participa na costeira do bonito?
- 2.-) ¿Que xestións ten previsto realizar o novo Goberno de Galicia para a posta en valor, mellor identificación e promoción do bonito capturado pola flota galega?



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2009 17:56
Nº Rexistro: 03052
Data envío: 17/06/2009 17:56:09.391

- 3.-) ¿Que xestión ten previsto realizar o novo Goberno de Galicia para a creación de valor engadido ao bonito capturado pola flota galega?
- 4.-) ¿Como valora a Xunta de Galicia as xestións desenvolvidas neste ámbito polo anterior Executivo autonómico e, de xeito especial, pola insuficiencia de medidas de promoción e diferenciación do bonito con respecto a outras capturas foráneas de menor calidade?
- 5.- ¿Que xestións ten previsto desenvolver o novo Goberno de Galicia para evitar a confusión que o consumidor pode ter á hora de elixir o bonito, en relación co peixe capturado pola nosa flota –o bonito do norte- e respecto doutros produtos de inferior calidade –bonito do Mediterráneo, etc.?

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2009

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 17/06/2009 17:52:09

Marta Rodríguez Arias na data 17/06/2009 17:52:17

María de la Soledad Piñeiro Martínez na data 17/06/2009 17:52:21

José Fervenza Costas na data 17/06/2009 17:52:30

Rosa Oubiña Solla na data 17/06/2009 17:52:35

María Ángeles Díaz Pardo na data 17/06/2009 17:52:45

Javier Escribano Rodríguez na data 17/06/2009 17:53:08



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2009 10:14
Nº Rexistro: 02573
Data envío: 12/06/2009 10:14:07.379

Á Mesa do Parlamento

José Carlos López Campos, deputado pertencente ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en Comisión.

Vimos de coñecer nestes días que a venta de vehículos na nosa comunidade se incrementou nun dez por cento na primeira semana de xuño, mentres que no resto de España se reduciron en máis de un sete por cento con respecto ao mesmo período do ano anterior. Nesta situación os representantes dos concesionarios están a valorar de forma moi positiva as medidas levadas a cabo para a incentivación da compra de turismos. Estas medidas permiten que o mercado de turismos en Galicia pase de estar nun período de fortes retrocesos a un período de crecementos nas vendas, situando á nosa Comunidade no posto número cinco na relación de Comunidades que rexistraron incrementos nas cifras de matriculacións.

Cabe destacar que o goberno da Xunta de Galicia puxo en marcha un ambicioso e consensuado plan de axudas que melloraba sensiblemente ao plan posto en marcha polo executivo central. Os obxetivos prioritarios deste plan é o apoio decidido ao sector do automobil e a incentivación das vendas de vehículos en Galicia.

Por todo o exposto se pregunta:

1. ¿Cal é a valoración por parte do Goberno dos datos recollidos sobre o incremento na venda de turismos en Galicia?
2. ¿Cales son as estimacións na evolución das cifras de venda de vehículos?
3. ¿En que medida considera o Goberno que as políticas levadas a cabo pola Xunta de Galicia influíron na mellora dos datos das vendas de vehículos en Galicia?
4. ¿Como valora o Goberno da Xunta de Galicia que os datos



***Grupo Parlamentario
Popular de Galicia***



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2009 10:14
Nº Rexistro: 02573
Data envío: 12/06/2009 10:14:07.379

recollidos en Galicia sexan claramente mellores que os do resto do territorio español?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2009

Asinado dixitalmente por:

José Carlos López Campos na data 12/06/2009 10:12:50

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Sonia Verdes Gil, Carmen Gallego Calvar, Marisol Soneira Tajés e Silvia Fraga Santos, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Coa chegada do verán, que segundo as previsións será especialmente caloroso, cómpre que o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA), garanta a operatividade e efectividade do operativo en canto á prevención e extinción de incendios.

Segundo as primeiras declaracións do Conselleiro de Medio Rural o seu compromiso pasaba por manter o dispositivo contra os lumes que quedara deseñado polo anterior Goberno da Xunta de Galicia, e recoñecía unha situación que viña a agravar o risco de lumes nas zonas danadas polo Klaus, debido á madeira caída nos montes galegos, ao tempo que recoñecía a incapacidade da Consellería de Medio Rural para proceder á retirada do total da madeira danada.

Tras estas primeiras declaracións todo foron contradicións entre os membros do Goberno presidido polo Sr. Feijoo.

O Goberno do Sr. Feijoo está a levar a cabo o Sistema de paralización que marca a liña do novo goberno agravada pola confusión do propio Goberno de levar a cabo unha política de austeridade coa irresponsabilidade de recortar servizos aos galegos e ás galegas como é o caso do desmantelamento que está a levar a cabo o conselleiro de Medio Rural no sistema de loita contra os lumes

Cunha situación nos montes galegos que vén a incrementar o risco de lumes, debido fundamentalmente a unha primavera especialmente húmida que fixo aumentar a biomasa forestal, e a existencia de gran cantidade de madeira danada caída polo Klaus, e ante a incapacidade do novo Goberno presidido polo Sr. Feijoo de facer efectivas as medidas que deixou en marcha o anterior goberno para garantir a súa retirada, e as previsións de altas temperaturas nos



Grupo Parlamentario

meses de verán que xa se deixaron sentir en Provincias coma Lugo e Ourense na pasada semana, onde as temperaturas superaron os 30°C , sería necesario extremar as medidas contempladas no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Lonxe diso o conselleiro de Medio Rural está a levar a cabo actuacións que causan gran preocupación entre a cidadanía nun tema de gran sensibilidade como é a prevención e defensa contra incendios forestais.

Mesmo recoñecendo unha situación de risco pola especial situación dos montes galegos neste momento, o conselleiro de Medio Rural en declaracións considera o operativo contra incendios suficiente e ante a posibilidade de extremar as medidas de prevención e extinción rexeitou esa posibilidade debido ao alto custe desta medida, e puxo en marcha a política de desmantelamento que está a ser a liña do Goberno do Sr. Feijoo que queda patente ante o despido de 650 traballadores que prestaban servizos a través das empresas públicas Tragsa e Seaga ao servizo de protección de incendios.

Entre tanto o delegado Territorial da Xunta de Galicia na provincia da Coruña manifestou a súa preocupación do maior risco de incendios na zona de Ortegal e a necesidade de poñer en marcha medidas adicionais o que contradí a decisión do titular de Medio Rural da Xunta de Galicia, ambos os dous membros do mesmo goberno.

Por outra banda, entrando nunha nova contradicción, o Presidente da Xunta de Galicia pon en dúbida a efectividade do dispositivo contra os lumes pola falta de 4 millóns de euros para garantir un operativo efectivo, contradicindo e desautorizando ao conselleiro de Medio Rural do seu goberno.

E o listado de contradicións non deixa de medrar, e así hoxe mesmo o director xeral de Montes en declaracións entra novamente en contradicións cando anuncia o reforzo do operativo de loita contra os lumes, medida difícil de levar a cabo se tal como afirma o presidente da Xunta de Galicia existe un desfase de 4 millóns de euros nos orzamentos para afrontar a campaña contra os lumes.

 Grupo ParlamentarioPartido dos
Socialistas
de Galicia

Este panorama de contradicións, de irresponsabilidade, da posta en marcha do sistema de paralización, de recorte de recursos, do desmantelamento do operativo de incendios, xustificado coa mentira do Sr. Feijoo resulta altamente preocupante.

É intolerable a actitude irresponsable do Sr. Feijoo sen importarlle a alarma creada na sociedade e a imprudencia que supón poñer en dúbida a eficacia do plan de prevención e defensa contra incendios que pode alentar aos incendiarios ante un dispositivo contra incendios que non garanta a súa efectividade.

É intolerable o desmantelamento do operativo contra incendios que está a levar a cabo a Consellería de Medio Rural da que é responsable o Conselleiro de Medio Rural da Xunta de Galicia, sen importarlle recortar recursos do sistema de protección de incendios de xeito que poida non estar garantida a protección dos nosos montes, da nosa fauna e incluso dos bens, das propiedades das persoas, poñendo en risco incluso a propia vida, fronte aos lumes.

Por todo o anteriormente exposto as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1ª.- Considera o Sr. conselleiro de Medio Rural suficiente e efectivo o plan de protección e defensa contra incendios, tal como se manifesta dende a Consellería de Medio Rural ?

2ª.- Que medidas en canto a prevención de incendios ten posto en marcha a Consellería de Medio Rural?

3ª.- Que melloras se contemplan respecto ao modelo que deixou preparado o anterior Goberno en canto á prevención de incendios?

4ª.- Asinouse e tense posto en marcha o convenio cos concellos para a realización de labores de prevención de incendios tal como se viña levando a cabo na anterior lexislatura?



Grupo Parlamentario

5ª.- No caso de que aínda non se teña posto en marcha este convenio de colaboración cos concellos para a prevención de incendios forestais ¿cando se vai a facer efectivo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

6ª.- Cales son os medios tanto materiais coma humanos dos que disporá o dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais, distinguindo os medios dos que se dispón dependendo da época de baixo, medio e alto risco de lumes ?

7ª.- Que melloras formula en canto a recursos materiais e humanos o dispositivo de prevención e defensa contra incendios do novo Goberno respecto do que deixou preparado o anterior Goberno da Xunta de Galicia?

8ª.- Contempla o Sr. conselleiro de Medio Rural o reforzo dos dispositivo de prevención e defensa contra os incendios antes e despois do groso da campaña que comeza o 1 de xullo e remata o 30 de setembro, tendo en conta a previsión de elevadas temperaturas nos meses de xuño e outubro, e o maior risco de lumes debido á maleza e á gran cantidade de madeira danada, a causa do temporal Klaus, que se atopa nos montes galegos?, e en caso afirmativo ¿que medidas adicionais contempla poñer en marcha o Sr. conselleiro de Medio Rural para facer efectivo ese reforzo?

9ª.- Cantas contratacións vai levar a cabo a Consellería de Medio Rural para garantir o reforzo necesario do operativo contra incendios nos meses de verán coincidindo co groso da campaña contra incendios, especificando qué servizos prestarán?

10ª.- Que melloras supón respecto das contratacións adicionais que se viñan facendo nas anteriores campañas contra os incendios?

11ª.- Estas contratacións vanse levar a cabo a través da empresa pública Seaga garantindo a profesionalización dos servizos, ou vanse recuperar os plans de colaboración cos concellos para a contratación de Brigadas Municipais para a protección e defensa contra incendios?



 Grupo Parlamentario

12ª.- Cantos traballadores que prestaban servizos a través da empresa Tragsa e Seaga foron despedidos e que funcións desempeñaban?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

13ª.- Ten pensado o Conselleiro de Medio Rural facer novas contratacións para suplir os postos de traballo que ocupaban os traballadores despedidos que prestaban servizos a través das empresas Tragsa e Seaga considerando o labor que estaban a desempeñar, necesario para garantir a prevención de incendios ?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2009

Asdo: Sonia Verdes Gil
Marisol Soneira Tajés
Carmen Gallego Calvar
Silvia Fraga Santos
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 12/06/2009 11:13:12

Marisol Soneira Tajés na data 12/06/2009 11:13:22

Carmen Gallego Calvar na data 12/06/2009 11:14:07

Silvia Belén Fraga Santos na data 12/06/2009 11:14:12



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sonia Verdes Gil, Carmen Gallego Calvar, Marisol Soneira Tajés e Silvia Fraga Santos, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O pasado 23 de xaneiro Galicia sufriu un temporal, o Klaus, que produciu graves danos que afectaron aos montes galegos.

O anterior Goberno da Xunta respondeu de forma áxil elaborando o Decreto 13/2009, do 29 de xaneiro onde se recolle a regulación das axudas para a reparación dos danos e, se fose o caso, perdas causadas polo temporal que afectou Galicia os días 23 e 24 de xaneiro de 2009.

Así a través da Orde do 7 de abril aprobada polo anterior Goberno da Xunta estableceu axudas para paliar os danos do temporal cunha dotación orzamentaria de 2.046.000 euros, aos que a Consellería de Medio Rural debería de engadir outros 5.000.000 de euros máis tal como recolle o acordo asinado polo anterior Goberno cos representantes do sector; dado que os algo máis de 2.000.000 de euros que establece a orde son insuficientes para retirar a totalidade da madeira que se atopa nos montes galegos, en moitos dos casos en lugares de difícil acceso.

A retirada da totalidade da madeira antes do comezo do verán e dos meses de maior risco de lumes non está garantida, polo atraso na concesión das subvencións para levar a cabo a retirada e máis aínda cando o novo Goberno do Sr. Feijoo non se comprometeu a achega acordada polo anterior Goberno cos representantes do Sector forestal.

O conselleiro de Medio Rural e o delegado territorial da Coruña da Xunta de Galicia en declaracións recentes, recoñeceron que a madeira que aínda queda no monte caída polo Klaus supón un perigo inminente de incendio, sobre todo na zona de Narón a Ortegá.

Nesa área «a vexetación está totalmente seca», o que engade un maior risco se comeza a arder.

O delegado territorial da Coruña da Xunta de Galicia, Diego Calvo, mesmo indicou que serían necesarias medidas adicionais para evitar os lumes nas zonas máis afectadas polo temporal Klaus.



 Grupo Parlamentario

Pero unha vez máis membros do Goberno do Sr. Feijoo entran en contradiccións, e así o Conselleiro de Medio Rural non creu conveniente extremar as medidas de prevención de incendios pese a recoñecer un maior risco debido á madeira danada polo Klaus que se atopa nos montes galegos, e a incapacidade da Consellería de Medio Rural para proceder a retirada da totalidade da madeira antes dos meses de maior risco de lumes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Todo o contrario, pois nos últimos días o conselleiro de Medio Rural lonxe de reforzar o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA), está a levar a cabo o desmantelamento do operativo contra incendios pese ao compromiso feito nas súas primeiras declaracións, de manter o operativo existente.

Máis de 650 traballadores que prestaban servizos na prevención de incendios a través das empresas públicas Seaga e Tragsa foron despedidos no transcurso da pasada semana.

E entre tanto o Sr. Feijoo pon en dúbida a efectividade do operativo contra os lumes debido á falla de 4 millóns de €.

Mentres o Director Xeral de Montes da Xunta de Galicia onte mesmo anunciaba o reforzo do PLADIGA para a campaña contra os lumes que se inicia o 1 de xullo, contradicindo así mesmo ó mesmo Presidente da Xunta.

Tales contradicións entre os membros do Goberno da Xunta de Galicia e mesmo o Sr. Feijoo crean alarma entre a cidadanía dada a sensibilidade dos cidadáns ante a problemática do lume que tantos danos ten causado en Galicia.

E intolerable a actitude do Goberno galego e do conselleiro de Medio Rural que deben de poñer en marcha un efectivo contra incendios que garanta a prevención e a actuación áxil do operativo en caso de incendio.

Por todo o anteriormente exposto as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1ª.- En aplicación da Orde do 7 de abril do 2009 da Xunta de Galicia, a Consellería de Medio Rural ¿levará a cabo a retirada da totalidade da madeira caída polo Klaus que se atopa nos montes galegos?

2ª.- Será necesaria unha nova achega orzamentaria, tal como tiña comprometido o anterior goberno?, en caso afirmativo, ¿de que contía, para garantir a recollida da totalidade da madeira?

3ª.- Que medidas vai a poñer en marcha a Consellería de Medio Rural para levar a cabo a retirada da totalidade da madeira afectada polo temporal Klaus,



 Grupo Parlamentario

antes de que comeze o groso da campaña contra os incendios que coincide coa época de maior risco?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª.- Ante a incapacidade da retirada de toda a madeira danada que se atopa nos montes galegos a causa do Klaus, antes da época de maior risco de lumes, e o incremento do risco de incendios, debido precisamente á madeira caída nos montes nas zonas máis afectadas polo temporal ¿Que medidas adicionais vai adoptar o Goberno galego en canto á prevención de incendios nesas zonas de maior risco, tales como a creación e o mantemento dos cortalumes, incremento de puntos de vixilancia, mellora dos puntos de auga, incremento dos efectivos ...?

5ª.- Que medidas adicionais vai poñer en marcha para garantir unha resposta áxil no caso de lumes nas zonas danadas polo temporal que teñen maior risco de incendio, tanto polo que se refire ao incremento dos medios materiais coma humanos?

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2009

Asdo: Sonia Verdes Gil
Marisol Soneira Tajés
Carmen Gallego Calvar
Silvia Fraga Santos
Deputadas do G.P dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Sonia Verdes Gil na data 12/06/2009 11:31:00

Carmen Gallego Calvar na data 12/06/2009 11:31:06

Marisol Soneira Tajés na data 12/06/2009 11:31:14

Silvia Belén Fraga Santos na data 12/06/2009 11:31:20

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Tomé Roca, Ricardo Varela Sánchez, Laura Seara Sobrado, Modesto Pose Mesura e Carmen Acuña do Campo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O día 25 de maio, o Diálogo Oficial de Galicia, publicou unha orde de 18 de maio da Consellería de Traballo e Benestar, a través da que se modificaban as comisións de avaliación establecidas nas ordes de axudas para o ano 2009 convocadas pola anterior Consellería de Traballo, para as que establecía unha nova composición segundo o artigo 1 da devandita orde.

No artigo 2 estipúlase que todos os expedientes de subvención iniciados ao abeiro das ordes de convocatoria sinalados no artigo 1 desta orde, en trámite nos distintos centros directivos e unidades da Consellería de Traballo e Benestar, que non acadase a fase de resolución e notificación aos beneficiarios, remitiranse ás correspondentes comisións de valoración para que estas coa nova composición establecida no artigo 1, procedan ao seu estudo, informe e avaliación co obxecto da súa posterior resolución, polo órgano competente para resolver.

A publicación desta orde veu a supoñer unha fonda preocupación no Grupo Parlamentario Socialista e nos concellos de Galicia porque produce un atraso nas resolucións, provoca unha revisión absolutamente irregular do procedemento, ten como consecuencia un novo reparto arbitrario e con criterios ben diferentes do Plan de cooperación, producindo indefensión e ao mesmo tempo está a provocar inseguridade e graves inconvenientes aos concellos e ao conxunto da cidadanía.

A legalidade vixente establece que todas as ordes da Consellería de Traballo en materia de Emprego, teñan que ser informadas polo Consello Galego de Relacións Laborais, cousa que a Consellería non fixo, e polo tanto, incumpriu a legalidade.



Grupo Parlamentario

Ante esta situación os deputados e as deputadas que asinan, formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª.- Por que a Consellería de Traballo e Benestar non remitiu o borrador desta orde ao Consello Galego de Relacións Laborais para o seu informe preceptivo?

2ª.- Cales foron os motivos que levaron á Consellería de Traballo a non cumprir coa legalidade vixente?

3ª.- Son válidas as resolucións que emite a Consellería de Traballo aos concellos galegos que emanan destas novas valoracións amparadas nesta orde que non cumpriu os requisitos legais previos á súa publicación?

4ª.- Pódense derivar consecuencias administrativas destas actuacións da Consellería de Traballo e de que tipo?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2009

Asdo: José Tomé Roca
Ricardo Varela Sánchez
Modesto Pose Mesura
Laura Seara Sobrado
Carmen Acuña do Campo

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Tomé Roca na data 12/06/2009 13:19:35

Laura Seara Sobrado na data 12/06/2009 13:19:43

Modesto Pose Mesura na data 12/06/2009 13:19:54

María Carmen Acuña Docampo na data 12/06/2009 13:20:04



 Grupo Parlamentario

Ricardo Jacinto Varela Sánchez na data 12/06/2009 13:20:30

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Laura Serara Sobrado, Abel Losada Álvarez, Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López e María Quintas Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

Na pasada lexislatura, e despois de terse aprobado por unanimidade unha iniciativa socialista, o Goberno Galego puxo en marcha a Unidade de Muller e Ciencia.

Esta Unidade dependeu da Secretaría de Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e das Consellerías de Innovación e Industria e de Educación e Universidades.

Foi un paso importante que tivo por obxectivo traballar cara a igualdade real das mulleres no ámbito da educación, a ciencia e a investigación.

Sempre defendemos que o número de mulleres que se incorporan ó ámbito da investigación é absolutamente vital para avanzar en igualdade e sabemos que as mulleres seguen estando excluídas da ciencia e da tecnoloxía máis prestixiosa, sobre todo nos niveis máis altos do sistema, especialmente nos postos de decisión.

A creación da Unidade de Muller e Ciencia se puxo en marcha de acordo cas recomendacións da normativa europea como o **Plan de Acción Muller e Ciencia**, no contexto do V Programa marco de investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico 2001-2005, que tiña como prioridade adecuar a investigación ás necesidades das mulleres, ata alcanzar un 40% de participación feminina en todos os niveis de aplicación e xestión dos programas de investigación. Pero os avances foron moi lentos e seguen sendo escasos.

A Comisión Europea encargou un informe sobre a política científica da Unión Europea e a promoción da excelencia mediante a integración da igualdade entre xéneros, que foi elaborado polo Grupo independente de traballo de ETAN sobre as mulleres e a ciencia.

 Grupo Parlamentario

Dito informe, comenta a aplicación do mainstreaming no ámbito científico e sinala que, sendo as mulleres a metade da poboación de estudantes de licenciatura, estas seguen a abandonar a carreira científica profesional nas súas diferentes fases, polo que moitas investigadoras se perden para a ciencia.

Outra das conclusións é que algunhas institucións académicas en Europa, seguen aplicando métodos de avaliación de méritos anticuados e que non se adaptan ás novas realidades e necesidades, polo que se recomenda a aplicación de métodos máis sofisticados e se formulan recomendacións ca finalidade de modernizar o sistema de avaliación por pares e para garantir a equidade no financiamento da investigación.

Por todo elo e dado o silencio amosado polo actual Goberno da Xunta respecto desta Unidade, a deputadas e deputados asinante formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Ten pensado o novo Goberno manter a Unidade de Muller e Ciencia?
2. Quen serán os ou as responsables de dita Unidade?
3. ¿De que departamento ou departamentos dependerá?
4. De que xeito promoverán en todos os ámbitos e niveis educativos a orientación e presenza das mulleres nos currículos científicos e tecnolóxicos?
5. Cómo promoverán a incorporación da muller no desenvolvemento profesional relacionado coa Ciencia e a Investigación?
6. Creen que se debe impulsar o equilibrio de xéneros na toma de decisións científicas?
7. Van a promover a incorporación equilibrada das mulleres nos comités científicos, nos grupos encargados de conceder axudas para a investigación, nas comisións de avaliación e selección de bolseiros e bolseiras e nos demais organismos científicos e tecnolóxicos de Galicia?
8. Van a impulsar, tal e como establecen os acordos internacionais, a presenza igualitaria de homes e mulleres nas aulas, nos tribunais académicos e demais espazos de investigación e I+D+i, así como nos



 Grupo Parlamentario

niveis directivos e de Goberno das universidades e centros de investigación?

Pazo do Parlamento, 8 de xuño de 2009

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Laura Serara Sobrado
Abel Losada Álvarez
Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
María Quintas Álvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Laura Seara Sobrado na data 08/06/2009 18:44:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/06/2009 18:44:14

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 08/06/2009 18:44:20

María Concepción Burgo López na data 08/06/2009 18:44:25

María Remedios Quintas Álvarez na data 08/06/2009 18:44:32

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Francisco Cerviño González, Abel Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Meses despois da toma de posesión do conselleiro de Cultura e Turismo, observase unha total inacción da consellería, o que leva a unha paralización da actividade de distintos sectores da cultura. O feito, entre outros, de que aínda non se nomease ao director da Axencia Galega de Industrias Culturais, está a provocar unha total parálise da actividade de sectores como as artes escénicas, o audiovisual e a actividade editorial entre outras, xa que están bloqueadas as decisións sobre concesións de subvencións e axudas, tendo xa rematado o prazo de presentación, para estes sectores.

A isto únese a paralización da concesión das axudas convocadas dentro do Plan de apoio e potenciación da produción cinematográfica galega, e xa avaliadas a finais do mes de abril, debido a actitude dos membros do Partido Popular no Consello de Administración da CTRVG.

Todo isto está a ocasionar un dano moi considerable a importantes sectores da cultura no noso país que son estratéxicos dende o punto de vista económico e, polo tanto, debilitando as industrias culturais galegas. Esta situación de parálise está a ser denunciada por moitas asociacións representantes dos sectores das artes escénicas, audiovisuais e do libro, sen que ata o de agora teñan ningunha resposta da consellería de Cultura e Turismo.



 Grupo Parlamentario

Por iso a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....

1) Cando pensa a Consellería de Cultura e Turismo desbloquear esta situación, e avaliar e conceder as axudas e subvencións convocadas por o AGADIC cuxo prazo de presentación xa rematou?

2) Cando pensa a Consellería de Cultura e Turismo proceder a concesión das axudas outorgadas para o ano 2009 a través do Plan Plan de Apoio e Potenciación da Producción Cinematográfica Galega?

3) Cando pensa o Conselleiro de Cultura e Turismo nomear o director do AGADIC?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2009

Asdo: Concepción Burgo López
Francisco Cerviño González
Abel Losada Álvarez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 12/06/2009 16:11:57

Francisco Cerviño González na data 12/06/2009 16:12:01

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/06/2009 16:12:04



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2009 17:24
Nº Rexistro: 02686
Data envío: 12/06/2009 17:24:10.739

Á Mesa do Parlamento

Román Rodríguez González, Alejandro Gómez Alonso e José López Campos, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural, posteriormente modificada pola Lei 15/2004, xunto coa anterior lei 10/1995 de ordenación de territorio, deseñaron un novo marco de referencia para a planificación territorial e urbanística de Galicia.

Os avances en materia de planificación derivados deste escenario, foron freados coa chegada da Xunta bipartita, cuxa acción política se materializou nunha clara paralización e na introdución de constantes retrasos na xestión e tramitación dos instrumentos de planificación territorial e urbanística, tanto xeral, como de desenvolvemento. Así como nunha constante falta de respecto institucional respecto ós concellos.

As razóns deste atasco baséanse fundamentalmente nun deseño interdepartamental erróneo da anterior Xunta de Galicia, con departamentos dirixidos por diferentes forzas políticas, e na instauración de tramitacións paralelas e descoordinadas no eido medioambiental e urbanístico. Neste senso o desvencellamento do procedemento da Avaliación Ambiental Estratéxica (introducida pola Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral) da tramitación urbanística derivou nun estancamento da acción planificadora dos concellos, saldada en múltiples retrasos, falta de coherencia e mesmo en informes contraditorios, situaron ás administracións locais nunha certa indefensión.

A lentitude nas tramitacións administrativas xerou un forte prexuízo no desenvolvemento sostible do territorio, pois dificultaron que os concellos se puidesen dotar de instrumentos de planificación



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2009 17:24
Nº Rexistro: 02686
Data envío: 12/06/2009 17:24:10.739

dotados de parámetros orientados ó logro dunha maior calidade ambiental e un máis equilibrado desenvolvemento social. Acompañándose todo isto dunha grande inseguridade xurídica para todos os axentes intervinentes no proceso de planificación urbanística e territorial.

Por todo isto, formúlase a seguinte pregunta:

Tendo en conta o estado actual da tramitación dos instrumentos de planificación territorial e urbanística de Galicia, que posibilidades se plantexan para reducir os seus tempos de tramitación?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2009

Asinado dixitalmente por:

Román Rodríguez González na data 12/06/2009 17:11:27

Alejandro Gómez Alonso na data 12/06/2009 17:11:31

José Carlos López Campos na data 12/06/2009 17:11:43

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Marisol Soneira Tajés, María José Caride Estévez, Francisco Cerviño González, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En 16 anos de gobernos conservadores non se acometeu o saneamento das rías galegas, incumprindo reiteradamente a normativa comunitaria e xerando gravísimos problemas de calidade das augas en zonas de produción de marisco.

O Goberno da Xunta de Galicia, que presidía Emilio Pérez Touriño, a través das consellerías de Medio Ambiente e de Pesca, asumiu a responsabilidade de sanear as rías, ao mesmo tempo que se comprometeu a manter as rendas dos mariscadores afectados polas perdas ocasionadas pola deficiente ou inexistente depuración das augas.

A Consellería de Pesca destinou entre decembro 2006 e decembro 2008 un total de 29 millóns de euros para o desenvolvemento de plans de traballo para 1.328 mariscadores, contemplando actividades de rexeneración, acondicionamento dos bancos marisqueiros, vixilancia, ou actividades formativas, para manter a renda dos mariscadores afectados polas deficiencias detectadas no saneamento das rías. Para o primeiro semestre de 2009 había unha previsión 8 millóns de euros.

O semestre está a piques de rematar e as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª.- Cantos convenios ten asinados, neste trimestre, a Xunta de Galicia con confrarías, asociacións de mariscadoras e outros colectivos, para a realización de actividades de rexeneración, acondicionamento, vixilancia ou actividades formativas, para manter a renda dos mariscadores afectados polas deficiencias detectadas no saneamento das rías?



Grupo Parlamentario

2ª.- Ten previsto a Xunta de Galicia manter este tipo de políticas de apoio ás rendas dos mariscadores, ata ben non se solucionen os problemas de contaminación existentes nas concesións marisqueiras afectadas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3ª.- Se non é así, ¿que novas accións ten previsto pór en marcha a Xunta de Galicia para garantir as rendas de traballadores que non son responsables do problema, pero que sofren as consecuencias?

4ª.- Que novas medidas pensa pór en práctica a Xunta de Galicia para garantir a comercialización dos bivalvos procedentes de zonas C?

5ª.- Cales son os plans e investimentos previstos pola Xunta de Galicia, a maiores dos xa presupostados polo Goberno anterior, para conseguir o saneamento integral das nosas rías?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2009

Asdo: Marisol Soneira Tajés

Maria José Caride Estévez

Francisco Cerviño González

José Manuel Gallego Lomba

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marisol Soneira Tajés na data 12/06/2009 17:38:55

María José Caride Estévez na data 12/06/2009 17:39:03

Francisco Cerviño González na data 12/06/2009 17:39:08

José Manuel Gallego Lomba na data 12/06/2009 17:39:19

 Grupo Parlamentario

A Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, Xoaquín Fernández Leiceaga, Belén Fraga Santos, Carmen Gallego Calvar, M^a Soledad Soneira Tajés e Sonia Verdes Gil, deputados e deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Dende fai anos os veciños da parroquia de Santa María de Roo (Noia) veñen reclamando a realización da concentración parcelaria das súas terras por parte da Xunta de Galicia.

Xa no ano 2001, o Goberno local de Noia, promoveu unha campaña de recollida de firmas entre os veciños que foron presentadas na daquela Consellería de Agricultura.

Máis de 300 veciños da parroquia noiesa citada, pertencentes ós núcleos de Sampaio, Vilaverde, Roo, Castro Lampreeiro, Mirou y Pontenafonso, entre outros lugares, amosaron daquela o seu interese asinando un documento no que reclamaban a realización dos traballos de concentración parcelaria na zona.

Dende o Partido dos Socialistas de Galicia apoiamos esta reivindicación veciñal durante estes anos e tamén presentamos iniciativas parlamentarias na pasada lexislatura para impulsar a solicitude dos veciños de Santa María de Roo (Noia).

Pasaron xa oito anos sen resposta nin consideración algunha sobre a reclamación efectuada polos veciños da parroquia de Santa María de Roo (Noia) e apoiada polo conxunto da corporación municipal, a través do correspondente acordo unánime do Pleno do Concello de Noia.

Diante da falta de resposta e información por parte dos anteriores gobernos da Xunta ás demandas veciñais citadas, os socialistas galegos consideramos moi importante poñer luz sobre esta demanda veciñal, e por este motivo formulamos a seguinte pregunta :



Grupo Parlamentario

1.- Qué sucedeu ó longo dos oito últimos anos para que a Xunta de Galicia non dera resposta á petición dos veciños de Santa María de Roo (Noia) ?

2.-En que fase administrativa se atopa o expediente correspondente á solicitude dos veciños da citada parroquia que contou co apoio unánime da Corporación Municipal de Noia?

3.-Qué previsións ten a Consellería de Medio Rural respecto da concentración parcelaria de dita parroquia?

4.-Cando ten pensado poder comenzar os traballos de realización de dita concentración?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2009

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín Fernández Leiceaga
Belén Fraga Santos
Carmen Gallego Calvar
M^a Soledad Soneira Tajés
Sonia Verdes Gil
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 12/06/2009 18:06:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2009 18:06:19

Silvia Belén Fraga Santos na data 12/06/2009 18:06:25

Carmen Gallego Calvar na data 12/06/2009 18:06:31

Marisol Soneira Tajés na data 12/06/2009 18:06:44

Sonia Verdes Gil na data 12/06/2009 18:06:50

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Guillermo Meijón Couselo, Francisco Cerviño González, José Manuel Lage Tuñas e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

A actual Consellería de Educación caracterízase por levar adiante distintas actuacións que supoñen unha clara marcha atrás sobre o acadado no sistema educativo público galego nos pasados catro anos.

Un bo exemplo témolo na desafortunada circular sobre agrupamento de alumnos nos centros públicos, constituíu un claro referente da regresión que, en materia educativa, nos sitúa en tempos anteriores aos últimos anos dos gobernos Fraga.

Asímesmo, o propio conselleiro de Educación de forma reiterada está a falar da actual crise e da falta de recursos económicos para o ensino público.

Contrasta sen embargo esta liña argumental coa decisión tomada dende a súa consellería de realizar unha campaña propagandística sobre a enquisa realizada aos pais e nais sobre a lingua no ensino público.

Por outra banda, nos pasados días a propia consellería encargábase de ameazar de forma vergonzante ás direccións dos centros públicos, caso de que por parte de calquera sector da comunidade educativa, mesmo dos propios pais e nais, se desenvolveran actos informativos ou de calquera índole nos centros educativos relacionados co uso da nosa lingua.

Esta decisión constitúe, ao noso xuízo, unha clara vulneración do principio de liberdade de expresión, ao mesmo tempo que indica o temor por parte do Conselleiro de Educación de que nais e pais podían ter acceso a información veraz sobre o proceso iniciado polo Goberno do Partido Popular.



Grupo Parlamentario

Estos son os motivos polos que os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas

1.^a) Cal é a causa da prohibición por parte da Consellería de Educación de todo tipo de actos a desenvolver nos centros públicos sobre o uso da lingua no ensino?

2.^a) Por qué dita prohibición non se explicita en ningunha circular ou noutro tipo de documento oficial e figura únicamente no corpo dun correo electrónico?

3.^a) Que normativa vixente ampara á Consellería de Educación para prohibir o desenvolvemento de actos en materia do uso da lingua galega por parte dos distintos membros da comunidade educativa nos centros públicos?

4.^a) Que tipo de actos se prohíben expresamente nos centros públicos?

5.^a) Que outras accións que limiten a liberdade de expresión nos centros públicos ten pensado a Consellería de Educación poñer en marcha?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2009

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Francisco Cerviño González
José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 12/06/2009 20:03:03

Francisco Cerviño González na data 12/06/2009 20:03:09

José Manuel Lage Tuñas na data 12/06/2009 20:03:11



 Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2009 20:03:17

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2009 10:37
Nº Rexistro: 02715
Data envío: 15/06/2009 10:37:07.314

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa **resposta oral en Comisión**, relativa á paralización dunha unidade móbil do programa de detección precoz do cancro de mama.

A unidade móbil nº 10 de exploración mamográfica debería, a día de hoxe, estar funcionando, para atender ás mulleres entre 50 e 69 anos pendentes de revisión, segundo o itinerario previsto, no concello da Fonsagrada. Pero isto non será así, pois está suspendida a actividade desta unidade ata nova orde dos responsables deste servizo que argumentan non dispoñer do presuposto necesario para contratar persoal que cubra as baixas do persoal destas unidades móbiles.

Esta irregular situación leva ao BNG a realizar as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1ª) Cándoo ten pensado o Goberno galego completar a plantilla da unidade móbil para que sexa totalmente operativa e poida reanudar o seu traballo?
- 2ª) Cómo afectará ao calendario de atención da unidade móbil esta paralización, nas asistencia previstas de Ribeira de Piquín e A Pontenova?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2009.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2009 10:37
Nº Rexistro: 02715
Data envío: 15/06/2009 10:37:07.314

Asinado dixitalmente por:

Ana Luísa Bouza Santiago na data 15/06/2009 10:36:25

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Laura Seara Sobrado, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para súa resposta oral en Comisión**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As mulleres vítimas de violencia de xénero sofren as consecuencias dos malos tratos en moitos ámbitos da vida: na súa autoestima, na capacidade de toma de decisións, nas relacións sociais, na saúde..etc..

Por esta razón, e para apoiar no proceso de recuperación a aquelas mulleres que o precisan, impulsouse desde o anterior Goberno Galego o Centro de Recuperación Integral (CRI), pensado para atender e dar resposta ás necesidades que teñen as mulleres e as súas fillas ou os seus fillos nas áreas psicolóxica, social, laboral ou sanitaria.

Este Centro, radicado en Santiago de Compostela, será único en Galicia e servirá de referencia para a derivación dende outros recursos asistenciais ou de acollemento.

Por todo o exposto a deputada asinante formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Ten pensado o actual Goberno galego manter os obxectivos e o planteamento deste Centro?
2. Como valoran desde o actual Goberno a posta en marcha do mesmo?
3. Teñen pensado crear centros de atención de emerxencia en Galicia?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2009

Asdo.: Laura Seara Sobrado
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Laura Seara Sobrado na data 12/06/2009 17:39:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Laura Seara Sobrado e José Tomé Roca, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para súa resposta oral en Comisión**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O anterior Goberno galego, a través da Consellería de Traballo, puxo en marcha unha ambiciosa lei para garantir a igualdade efectiva entre homes e mulleres no mercado laboral, a Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Esta normativa fundaméntase na toma de conciencia de que a discriminación sufrida polas mulleres é a máis antiga e persistente no tempo, a máis estendida no ámbito territorial, a que máis formas revestiu ao longo da historia, e a que afecta ao maior número de persoas.

Recolle medidas para desenvolver un principio básico da democracia: a participación das mulleres na toma de decisións. Implantar políticas paritarias significa aplicar a esencia da democracia aos dereitos de cidadanía, porque unha democracia só está lexitimada si os seus homes e as súas mulleres poden exercer plenamente os seus dereitos.

Os Bancos Municipais de Tempo foi un dos proxectos máis innovadores que se incluíron na lei, xunto cos Plans de Programación do Tempo da Cidade, medidas que xestionan os concellos, coa colaboración da Xunta de Galicia. A súa función é a de contribuír á mellora da conciliación da vida familiar e laboral, nutríndose de redes comunitarias de apoio á conciliación ou, en casos excepcionais, a través de persoal municipal ou contratado para o efecto. Neste aspecto, foi un obxectivo prioritario facilitar o descanso de quen coida persoas dependentes.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Teñen pensado seguir impulsando os Bancos Municipais de Tempo?
2. Que valoración fan do resultado dos mesmos?



Grupo Parlamentario

3. Van a introducir cambios nos mesmos?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2009

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Laura Seara Sobrado

Jose Tomé Roca

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Laura Seara Sobrado na data 12/06/2009 17:54:04

José Tomé Roca na data 12/06/2009 17:54:10



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2009 11:03
Nº Rexistro: 02819
Data envío: 16/06/2009 11:03:04.905

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Agustín Baamonde Díaz, Jaime Castiñeira Broz, Jose Antonio García López, María Isabel García Pacín, Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Segundo ás informacións ás que tivo acceso o Grupo Parlamentario Popular se están a producir importantes incidencias no servizo de reparto de Correos en varios puntos da provincia de Lugo, máis en concreto, na cidade capital e nas principais localidades das bisbarras da Mariña lucense –Viveiro, Burela, Ribadeo e Foz-.

A devandita problemática está a dificultar dun xeito evidente o cumprimento da obriga legal que establece que o servizo postal debe efectuarse con calidade e regularidade. Máis en concreto, se está a incumprir o parágrafo da Lei Postal (Lei 24/1998, de 13 de xullo) que obriga a efectuar unha recollida nos puntos habilitados ao efecto e unha entrega na dirección postal de cada persoa, todos os días laborais e, como mínimo, cinco días á semana.

Entre as causas que poden explicar esta problemática se atopa o evidente desaxuste do cadro de persoal que a empresa pública Correos ten na provincia lucense, pouco axeitado ás cargas de traballo reais existentes e a factores tan importantes como o crecemento demográfico. De feito, se están a amortizar un gran número de postos de traballo que quedan vacantes nas zonas rurais pero esta práctica non vén aparellada á creación de novos postos alí onde a carga de traballo aumenta. A todo isto debemos engadir a eterna problemática da dispersión dos núcleos de poboación na provincia e as dificultades loxísticas que esta situación carrega.



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2009 11:03
Nº Rexistro: 02819
Data envío: 16/06/2009 11:03:04.905

O servizo de Correos conta no día de hoxe con 840 traballadores na provincia lucense, pero a progresiva reestruturación do seu organigrama está a baleirar de competencias a provincia lucense: A xefatura provincial de Correos suprimiuse e o mesmo sucedeu cos servizos de habilitación, intervención e contratos. Incluso o departamento de Recursos Humanos, encargado de efectuar as contratacións de Lugo, foi trasladado ata A Coruña.

Non debemos esquecer que os servizos de comunicación en xeral e, de xeito particular, os postais, constitúen un elemento básico para o desenvolvemento económico, serven de elemento dinamizador dos demais sectores produtivos da economía do país e son fonte xeradora de riqueza e emprego. Constitúense ademais como un elemento clave para a cohesión social, para o incremento da competitividade das empresas e para o desenvolvemento do comercio na nosa provincia. E polo que garantir o seu funcionamento correcto, e un servizo regular e de calidade debера ser unha prioridade das distintas administración públicas.

En relación con este asunto, o Grupo Parlamentario Popular formula as seguintes preguntas:

- 1.-) ¿Ten constancia a Xunta de Galicia das deficiencias que se están a producir no funcionamento do servizo de Correos da provincia de Lugo?
- 2.-) ¿Que opinión lle merece ao Goberno galego que unha empresa pública como é Correos non estea a garantir na provincia lucense a obriga legal de calidade e regularidade no servizo?
- 3.-) ¿Que xestións se realizaron ou teñen previsto realizarse cos responsables do Ministerio de Fomento, organismo que ten atribuídas as competencias en materia de regulación postal, a fin de mellorar este servizo na provincia Lucense?
- 4.-) ¿Ten previsto a Xunta de Galicia interesarse polo progresivo baleirado de servizos que a empresa pública Correos está a levar a cabo na provincia lucense? De xeito especial, ¿ten previsto a Xunta



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2009 11:03
Nº Rexistro: 02819
Data envío: 16/06/2009 11:03:04.905

de Galicia demandar as explicacións oportunas ao Ministerio de Fomento respecto deste incorrecto proceder dunha sociedade estatal, de capital cen por cen público?

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 16/06/2009 11:01:54

Agustín Baamonde Díaz na data 16/06/2009 11:01:58

Jaime Castiñeira Broz na data 16/06/2009 11:02:03

José Antonio García López na data 16/06/2009 11:02:09

María Isabel García Pacín na data 16/06/2009 11:02:13

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/06/2009 11:02:20



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2009 11:48
Nº Rexistro: 02822
Data envío: 16/06/2009 11:48:56.842

Á Mesa do parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Alfredo Suárez Canal, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o apoio da Xunta de Galiza á participación na Liga ACT feminina.

Este verán organízase por primeira vez a EUSKOTREN liga 2009 feminina de traíñas. A Liga constará de oito probas, dúas das cales leváranse a diante en augas galegas os días 11 de Xullo e 12 no Grove e Pontevedra respectivamente. A creación desta liña é un paso adiante no compromiso real na igualdade, como tamén o é a Liga galega feminina de traíñas deste ano.

As deportistas galegas teñen demostrado a súa vontade por participar nesta liga, pola proxección que esta lles dá. Os clubs están traballando na unión de varios deles, a fin de competir cunha traíña que represente a Galiza. Un traballo na liña do feito no pasado ano para participar na proba da Concha, onde se fixo un esforzo moi grande dado que participaron remeiras de distintos clubs, con xeitos diferentes de remar, cun esforzo grande para adestrar.

O Goberno anterior, tiña asumido o compromiso cos clubs de apoiar economicamente esta participación, así como poñer en marcha unha liga galega.

As nosas deportistas teñen demostrado a súa capacidade, colleitando éxitos e rachando co estereotipo de que este era un deporte masculino. Un exemplo claro foi o



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

éxito acadado o ano pasado cando a traíña galega venceu na primeira bandeira da Concha feminina.

Desde o BNG pensamos que este esforzo ten que acompañarse por parte das administracións públicas, apoiando esta presenza e dándolle visibilidade ao deporte protagonizado por mulleres. Unha liña de actuación que na pasada lexislatura se materializou dunha maneira clara e que é fundamental que o actual goberno non tire pola borda.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Vai apoiar a Xunta de Galiza a presenza dunha traíña galega na Liga ACT feminina?

2.^a) En que se concreta este apoio?

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2009.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Alfredo Suárez Canal

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/06/2009 11:44:39



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2009 11:48
Nº Rexistro: 02822
Data envío: 16/06/2009 11:48:56.842

Alfredo Suárez Canal na data 16/06/2009 11:44:43



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso e Alfredo Suarez Canal, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa á utilización de medios institucionais para o desmentido de supostas actividades de carácter particular.

Na páxina da Xunta de Galicia, no seu apartado de novas aparece unha noticia baixo o título de *“O conselleiro de Economía e Industria nunca solicitou nin recibiu axudas públicas para a súa actividade empresarial”*.. Dita noticia quere manifestar que determinada empresa privada, polo tanto particular, nin recibiu nin solicitou axuda algunha de institucións públicas.

Habida conta de que o obxecto da pregunta non persegue cuestionar o acceso de empresas privadas a subvencións con cartos públicos, senón delimitar entre o público e o privado e polo que leva ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte pregunta:

Cal é a posición do Goberno Galego sobre a utilización de medios gubernamentais para a actividade privada como é o caso da noticia arriba mencionada?

Santiago de Compostela, 16 de Xuño de 2009

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Alfredo Suárez Canal

Deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 16/06/2009 16:25:42

Alfredo Suárez Canal na data 16/06/2009 16:25:51



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Jesús A. Goldar Güimil, Marta Valcárcel Gómez e Rosa Oubiña Solla, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ó abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Preguntas para a súa resposta Oral en Comisión**.

O 1 de setembro de 2006 aconteceu no Concello de Caldas de Reis, na provincia de Pontevedra, o desgraciado accidente na industria química Brenntag que ocasionou unha contaminación sen precedentes no Río Umia, que, como é sabido, abastece de auga a un importantísimo número de veciños das Comarcas de Caldas e do Salnés.

O goberno bipartito, nomeadamente o entón Conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, prometera cun gran despregue de medios audiovisuais e propagandísticos, unha batería de medidas para a recuperación integral do río, así coma a da súa ribeira dende Caldas de Reis ata a súa desembocadura.

Transcorridos xa máis de trinta e tres meses dende o citado accidente sen que as promesas feitas polo entón conselleiro, o citado Sr. Vázquez, se tiveran rematado e nalgúns casos nin tan sequera se puxeran en marcha, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- ¿Qué actuacións se teñen levado a cabo para a recuperación do Río Umia tra-lo accidente da química caldense Brenntag dende Setembro do ano 2006?
- 2.- ¿Cal é o resultado desas actuacións?
- 3.- ¿En que situación se atopa na actualidade o citado Río dende o punto de vista medioambiental?



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2009 17:12
Nº Rexistro: 02905
Data envío: 16/06/2009 17:12:23.861

- 4.- ¿Cales son as previsións do novo goberno para garantir a integral recuperación do Río Umia?.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2009

Asinado dixitalmente por:

Jesús Antonio Goldar Güimil na data 16/06/2009 17:11:28

Marta Valcárcel Gómez na data 16/06/2009 17:11:36

Rosa Oubiña Solla na data 16/06/2009 17:11:44



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2009 17:19
Nº Rexistro: 02906
Data envío: 16/06/2009 17:19:19.296

Á Mesa do Parlamento

María Tereixa Paz Franco e Alfredo Suárez Canal, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á posibilidade de integrar a área sanitaria do Barco na de Ourense.

Durante o acto de toma de posesión da nova Xerente do Complexo Hospitalario de Ourense, ademais de anunciar que se ía crear unha xerencia única primaria, especializada na área sanitaria de Ourense, a Conselleira de Sanidade adiantou a posibilidade de eliminar a área sanitaria do Barco, quedando esta integrada nunha única área sanitaria, a de Ourense, que tería unha xerencia única para primaria e especializada de toda a provincia con sede na cidade de Ourense.

A xuízo do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego de concretarse esta posibilidade, sobre a que a Consellaría parece que vai iniciar un estudo, podería introducir distorsións para a actual área sanitaria do Barco en varios ámbitos e por diversos motivos.

Por un lado a dificultade física de acceder á Xerencia que estaría situada en Ourense e por outro a demora na resolución dos problemas que poidan xurdir no Barco, tanto pola distancia como polo inevitábel aumento da burocracia. Neste sentido non hai máis que observar a experiencia no ámbito da atención primaria que xa depende da xerencia de Ourense e que se ten constatado na práctica a menor accesibilidade para os profesionais e a falla de operatividade na resolución dos problemas por mor da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2009 17:19
Nº Rexistro: 02906
Data envío: 16/06/2009 17:19:19.296

distancia. A isto habería que engadir os problemas que para as persoas incluídas nas listas de contratación do SERGAS suporía a supresión das listas por áreas pasando a abranguer o conxunto da provincia.

Unha medida destas características, no caso de adoptarse finalmente, tamén tería consecuencias para os usuarios e usuarias do Hospital comarcal e sobre a calidade asistencial e os servizos que se lle ofrecen á cidadanía, empecendo a cobertura de moitas das carencias que xa ven padecendo o Hospital do Barco historicamente e dificultando, aínda máis, que algúns profesionais queiran traballar neste centro.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e do deputado asinantes, formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral ante a Comisión:

- 1.- Cales son as previsións que manexa o seu departamento en relación coa integración da área sanitaria do Barco na de Ourense?
- 2.- Qué razóns son as que motivan ao seu departamento a estudar medidas orientadas á eliminación da área sanitaria do Barco?
- 3.- Que consecuencias consideran que pode motivar en relación coa accesibilidade, capacidade de resolución de problemas e a burocratización a inclusión da área sanitaria do Barco na de Ourense?
- 4.- Que consecuencias poderían derivar desta decisión, no caso de adoptarse, para as e os usuarios do Hospital do Barco?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2009 17:19
Nº Rexistro: 02906
Data envío: 16/06/2009 17:19:19.296

5.- Non cre que podería ter unha incidencia negativa sobre a calidade asistencial, sobre os servizos que se lle prestan á cidadanía e sobre a superación das carencias que actualmente padece o Hospital do Barco?

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009.

Asdo.: María Tereixa Paz Franco

Alfredo Suárez Canal

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 16/06/2009 17:07:00

Alfredo Suárez Canal na data 16/06/2009 17:07:04



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Daniel Varela Suanzes-Capegna, deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A depuración de augas residuais en Galicia ten sido e aínda segue a ser unha das asigaturas medioambientais pendentes.

A normativa comunitaria e os fondos estruturais supuxeron unha axuda innegable para poder levar a cabo este imprescindible labor para facer unha Galicia sostible medioambientalmente.

Por todo isto, o deputado asinante desexa preguntar:

- 1.- Cantas estacións depuradoras están en funcionamento en Galicia actualidade?.
- 2.- Cantas necesitarían ser ampliadas?.
- 3.- Cantas novas están programadas para entrar en funcionamento, en que lugares e en que datas?.
- 4.- Cantas e en que lugares non están aínda programadas para a súa construción e entrada en funcionamento e nembargante resultan imprescindibles para completar o mapa de saneamento de Galicia?.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2009

Asinado dixitalmente por:

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/06/2009 10:02:02



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2009 10:06
Nº Rexistro: 02944
Data envío: 17/06/2009 10:06:30.215

Á MESA DO PARLAMENTO

Daniel Varela Suanzes-Capegna, deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Recentemente o Tribunal de Xustiza da U.E. condenou a España por unha incorrecta delimitación das autoridades encargadas da xestión das cuncas hidrográficas galegas.

A Directiva Europea da Auga – Directiva 2000/60 – obriga a tódolos Estados membros a definir e delimitar nas súas lexislacións as cuncas hidrográficas nos seus territorios e os organismos encargados de xestionar as competencias das Comunidades Autónomas nos casos nos que as augas nazan, transcorran ou desemboquen dentro dos seus límites territoriais, como ocorre en Galicia nalgunha das súas cuncas hidrográficas.

Por todo isto, o deputado asinante desexa saber:

Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para cumprir a Directiva Europea de Augas e dar cumprimento á sentenza do tribunal de Xustiza da U.E.?

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2009

Asinado dixitalmente por:

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/06/2009 10:03:21



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Daniel Varela Suanzes-Capegna, deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

As rías galegas teñen fama mundialmente pola súa beleza incomparable e pola súa riqueza pesqueira e marisqueira.

Nos últimos anos realizouse un importante traballo de saneamento das nosas rías que aínda non está rematado.

Polo exposto, o deputado asinante pregunta:

1.- Que opinión, referíndose a cada unha das rías, lle merece á Xunta de Galicia o grao de depuración das rías galegas?.

2.- Que proxectos ten a Xunta de Galicia para rematar e en que prazos o saneamento total das rías galegas?.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2009

Asinado dixitalmente por:

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/06/2009 10:02:41



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso e M^a Teresa Taboas Veleiro, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión**, dirixida ao Goberno Galego, relativa as obras que están desenvolvéndose na redonda do cruce de Canedo e San Vicente na estrada N-120 (Ponteareas).

O Ministerio de Fomento, mediante resolución da Secretaría de Estado de Infraestructuras y Planificación, adxudicou o 18 de xaneiro do 2006 as obras de “seguridade vial. Regulación de accesos N-120, p.k. 643,900 ao 644,100. T.M.:Ponteareas”., que consistían na remodelación de diversas interseccións a nivel mediante a ordenación dos accesos aos núcleos urbanos de Ponteareas e Canedo con dúas glorietas circulares.

Dende fai bastante tempo, os veciños e veciñas afectadas pola realización das obras veñen demandando información e, sobre todo, que se atendan as súas peticións relativas a eliminación do único paso peonil seguro que utilizan así como as repercusións de carácter medioambiental e, tamén, a posibilidade de asolagamentos como consecuencia das chuvias e crecidas ao canalizar o regueiro da Venda que da ao río Tea.

Como manifestación das súas demandas unha representación das persoas dos barrios de San Vicente e Canedo concentraronse na redonda de Canedo para mostrar o seu malestar impedindo a realización das obras. Fronte a unha actitude manifestamente pacífica tiveron como resposta unha carga desproporcionada e inxustificada de varias unidades antidisturbios saldándose cun resultado de cinco veciños feridos e sete detidos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta a idade das persoas presentes e a incertidume reinante entre os habitantes dos barrios máis próximos e afectados, e polo que, levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular as seguintes preguntas:

1ª) Ten coñecemento o Goberno Galego das obras que se están a realizar na estrada N-120, p.k. 643,900 ao 644,100, no concello de Ponteareas?

2ª) Sabe en que consisten realmente ditas obras e as posibles afeccións, nomeadamente relativas a seguridade peonil e posibles asolagamentos que poidan ocasionar?.

3ª) Coñece o Goberno Galego se as obras estanse realizando cos debidos criterios de seguridade, tanto para os traballadores como para as persoas que a diario cruzan a zona? De detectar algunha inseguridade, pensa o Goberno Galego actuar?

4ª) Coñece o Goberno Galego os dous expedientes abertos pola Confederación Hidrográfica como consecuencia da canalización do regueiro da Venda que da ao río Tea?

5ª) Vai facer xestións o Goberno Galego ante o Ministerio de Fomento para resolver esta situación, atendendo a demanda dos veciños e veciñas?. En todo caso cales van ser?

6ª) Ten o Goberno Galego coñecemento da data de finalización das obras?.

7ª) Entende o Goberno Galego que a resposta ante a demanda de información e mellora nas obras sexa a resposta por calada e a carga policial desproporcionada e inxustificada?

Santiago de Compostela, 17 de Xuño do 2009.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Teresa Táboas Veleiro

Deputado e Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Viéitez Alonso na data 17/06/2009 11:42:17

Teresa Táboas Veleiro na data 17/06/2009 11:42:26



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2009 16:48
Nº Rexistro: 03044
Data envío: 17/06/2009 16:48:45.798

Á MESA DO PARLAMENTO

Daniel Varela Suanzes-Capegna e Ignacio López-Chaves castro, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Os peregrinos a Santiago quéixanse de que moitas das Igrexas polas que transcorre o Camiño no tramo galego, non poden ser visitadas por atoparse pechadas ó seu paso , o que , sen dúbida, constitúe un feito negativo na consideración dos valores arquitectónicos e histórico-monumentais do Camiño que precisa dunha política de acordos coa Igrexa para que este rico patrimonio monumental poida ser plenamente disfrutado polos milleiros de peregrinos que o percorren.

Por isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

É consciente a Xunta de Galicia deste problema e que medidas pensa tomar para solucionalo?.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2009

Asinado dixitalmente por:

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/06/2009 16:41:11

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 17/06/2009 16:41:17



Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Daniel Varela Suanzes-Capegna e Ignacio López-Chaves Castro, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O Camiño de Santiago constitúe a Rúa Maior de Europa, a Avenida pola que transitaron e transitan milleiros de persoeiros e de peregrinos anónimos ó longo dos tempos, facendo así Europa, unindo os europeos e creando así os valores comúns que hoxe compartimos.

Por riba de grandes programacións festivas e culturais de todo tipo, a esencia mesma de todo o que hoxe denominamos Xacobeo, reside en algo tan sinxelo como unha longa corredoiira que cruza e verteбра Europa e que se mantivo o longo dos séculos.

Interesa salientar que o máximo atractivo xunto co tesón, a espiritualidade para acadar a meta reside precisamente nese camiño e no seu entorno milenario.

Conservalo como foi sempre debe ser o principal atractivo e reto das autoridades da Xunta de Galicia e dos concellos polos que transcorre fuxindo de “adecentamentos” e ornamentacións que o modernicen ou transformen, o faciliten como empedrados, pavimentacións e outras obras innecesarias, preservando tan só como foi e como debe seguir sendo; a corredoiira máis antiga e universal do planeta.

Por isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- E consciente a Xunta de Galicia que nisto e por riba de calquera outra consideración ou programación reside o valor fundamental do Xacobeo?



**Grupo Parlamentario
Popular de Galicia**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2009 16:48
Nº Rexistro: 03045
Data envío: 17/06/2009 16:48:56.204

2.- Fará políticas que impliquen manter o que sempre foi e debe seguir sendo, sen actuacións que impliquen modificar a súa fisionomía?.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2009

Asinado dixitalmente por:

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/06/2009 16:41:59

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 17/06/2009 16:42:03



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2009 16:50
Nº Rexistro: 03048
Data envío: 17/06/2009 16:50:46.579

Á Mesa do Parlamento

Pablo Cobián Fernández de la Puente, deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O pazo “Casa dos Vales” , situado en Alvedro – Culleredo (A Coruña), é un ben inmovible incluído no inventario xeral do Patrimonio Cultural de Galicia aprobado por resolución da Consellería de Política Territorial con data 19 de maio de 1991.

Con data 14 de outubro de 2005 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e deporte da Xunta de Galicia emite un informe onde di que o pazo “Casa dos Vales” está inventariado como Patrimonio Histórico – Artístico, polo tanto, segundo a Disposición Adicional Segunda da Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia e o artigo 54 de dito texto legal, este ben goza dunha protección baseada en evitar a desaparición, estando baixo a responsabilidade dos concellos e da Consellería de Cultura.

O inmovible principal e a súa sinatura foi obxecto de expediente de expropiación forzosa para a instalación dun sistema de aproximación de alta precisión, categoría II/III pola cabeceira 22, no aeroporto da Coruña, acordándose, segundo consta na acta de ocupación subscrita o 5 de outubro de 2006, o traslado do pazo “Casa dos Vales”, de acordo co proxecto supervisado e aprobado pola Dirección de Patrimonio da Xunta de Galicia, en coordinación coa propiedade, a outra parcela dentro do ámbito do concello veciño de Cambre, cunha superficie de 8000m², propiedade dos mesmos donos do pazo. A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, nun informe de data 9 de febreiro de 2007, considera apropiada e axustada a parcela proposta para situar nela a edificación pazo “casa dos Vales”.



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2009 16:50
Nº Rexistro: 03048
Data envío: 17/06/2009 16:50:46.579

A día de hoxe, é dicir tres anos despois de acordarse o traslado do pazo, está sen decidir a ubicación definitiva.

Por todo isto se pregunta:

1.- Coñece o Goberno da Xunta de Galicia a situación que se está a producir con respecto á tramitación do expediente de traslado do pazo "Casa dos Vales"?

2.- Que medidas adoptou o anterior Goberno e que medidas vai adoptar o novo Goberno da Xunta de Galicia para cumprir a Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia, que no seu articulado establece: *"Os bens inventariados gozarán dunha protección baseada en evitar a súa desaparición e estarán baixo a responsabilidade dos concellos e da Consellería de Cultura, que haberá de autorizar calquera intervención que lles afecte"*?

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2009

Asinado dixitalmente por:

Pablo Cobián Fernández de la Puente na data 17/06/2009 16:50:15



Grupo Parlamentario Popular de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2009 17:41
Nº Rexistro: 03050
Data envío: 17/06/2009 17:41:27.923

Á Mesa do Parlamento

Ignacio López-Chaves Castro, Deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, o abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**:

Na Comisión 4ª do Parlamento de Galicia na súa sesión de 21 de decembro de 2005 aprobou por unanimidade una PNL presentada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia para divulgar a arquitectura racionalista construída en Galicia.

Polo exposto, o Deputado asinante formula a seguinte pregunta:

1º.-¿Que medidas vai a adoptar a actual Xunta de Galicia durante esta lexislatura para a divulgación desta mostra do noso patrimonio arquitectónico? ¿Vai a realizar algún tipo de conferencias, mesas redondas, folletos con esa finalidade de divulgación desa arquitectura?

2º.- ¿Ten en trámite a Xunta de Galicia a declaración como BIC de algún edificio racionalista?

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2009

Asinado dixitalmente por:

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 17/06/2009 17:40:57



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2009 12:53
Nº Rexistro: 03079
Data envío: 18/06/2009 12:53:48.885

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa a programación do CGAC para o ano 2010.

A Xunta de Galiza ten paralizada a actividade e preparación da programación do CGAC para o vindeiro ano 2010. A Consellaría iniciou o pasado 10 de xuño o proceso para nomear un novo director/a do CGAC, sen establecer o prazo máximo de resolución deste concurso. Mais todo indica que non será posíbel a súa resolución antes do mes de Agosto. Isto fai prever que o novo director ou directora contará cunha escasa marxe para poder contratar a programación do vindeiro ano 2010. Os prazos para a preparación de calquera exposición de arte contemporáneo oscilan entre os 8 e 12 meses.

Esta situación deixa no aire a programación da actividade do CGAC para o vindeiro ano 2010, precisamente coincidindo co Xacobeo, ano que se prevé unha grande afluencia de visitantes a Santiago de Compostela.

Fica tamén no aire cal é o papel e visibilización que a cultura galega vai ter nesta nova etapa. Máxime cando nas bases de convocatoria do concurso para a provisión dun novo ou nova directora, non hai ningún requisito sobre este aspecto.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2009 12:53
Nº Rexistro: 03079
Data envío: 18/06/2009 12:53:48.885

- 1.^a) Que previsións ten a Consellaría de Cultura e Turismo no tocante a programación de actividade do CGAC para o vindeiro ano?
- 2.^a) Vai agardar a Consellaría de Cultura e Turismo a que se nomee o novo director para fixar a programación do ano 2010?
- 3.^a) Que presenza se prevé que teña nesta programación a obra dos creadores e creadoras galegas?

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

